

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020



CENTRO: CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN
CURSO 4º ED. PRIMARIA
DATA: 10 MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua castelá e literatura.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos.	LCB2.1.1. Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.	LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación.	LCB3.1.2. Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua galega e literatura.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (web infantís, libros, carteis).	LGB2.1.1. Comprende a información relevante en textos propios de situacións cotiás e dos medios de comunicación social nos que esta se amose de forma evidente.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e esquematizar e resumir o seu contido.	LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.
B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos en galego adaptados aos seus intereses.	LGB2.6.3. Le textos, adaptados á súa idade e aos seus intereses, en silencio e sen dificultade.
B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo.

B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos.	LGB3.6.1. Usa recursos sinxelos gráficos e paratextuais (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos e ilustrar o seu contido.
---	---

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Ciencia sociais.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	CNB1.1.5. Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.
B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.1. Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
B2.2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	CNB2.2.3. Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.
B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	CNB4.1.3. Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles-Ciencias da natureza.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como	

comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	<ul style="list-style-type: none"> CSB1 3.1. Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais. <p>CSB1.3.3. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.</p>
B2.8. Describir as características do relevo de Galicia e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	CSB2. 8.2 Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia.
B2.9. Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible a través da realización dunha campaña de concienciación no centro educativo.	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.9.1. Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste. <p>CSB2.9.2. Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.</p>

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Matemáticas

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MTB1.2.1. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as centésimas).	MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor.	MTB2.2.1. Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

<p>B2.3. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.</p>	<p>MTB2.3.1. Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.</p>
<p>B2.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • MTB2.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua estranxeira: Inglés

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen</p>	<p>PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.</p>
<p>Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións</p>	<p>PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.</p>

ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	
Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade.	Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Relixión católica.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BL 1.1 Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.	1.1 Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaas a situación actual.
BL 2.2 Coñecer as características do perdón de Deus.	2.1 Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.
BL 2.5 Aprender e recordar historias bíblicas nas que Deus promete o Mesías.	5.1 Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías.
BL 3.1 Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.	1.1 Analiza e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e o fariseo e publicano.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Valores sociais e cívicos.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.7. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.	VSCB1.7.2. Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.
B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	VSCB2.1.1. Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións.
B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación musical.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio, individual ou grupal.	EMB2.2.2. Aмосa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.1. Emprega instrumentos, materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.
B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación plástica.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Identificar determinados/as artistas e amosar interese por coñecer as formas de expresión das súas obras máis representativas.	EPB1.3.2. Procura información sobre artistas plásticos/as da propia cultura ou alleos, en relación coas características da súa obra.
B2.1. Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas.	EPB2.1.1. Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais.
B2.2. Realizar composicións plásticas con figuras xeométricas, manexando ferramentas básicas de precisión e utilizando escalas e proporcións.	EPB2.2.1. Utiliza a cuadrícula como un elemento que estrutura o espazo gráfico. EPB2.2.7. Debuxa persoas e obxectos a través dun eixe de simetría.
B2.5. Coidar e usar correctamente os materiais, os instrumentos e os espazos.	EPB2.5.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza, respectando as normas e as indicacións establecidas, e crea hábitos de traballo.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación física.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas e	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.

nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	EFB5.1.1. Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.
B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.

Competencias Clave

- CCL: Coñecer o vocabulario básico e específico de cada área; expresar de forma oral e escrita as súas emocións; e ter unha actitude de diálogo crítico e construtivo.
- CMCT: Coñecer os números e as medidas básicas aplicadas nas distintas áreas; resolver e realizar problemas matemáticos con operacións.
- CD: Usar os recursos tecnolóxicos para a comunicación e resolución de problemas.
- CAA: Sentirse protagonistas do proceso e resultado da súa aprendizaxe.
- CSC: Aplicar os valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade); e respectar e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- CSIEE: Manifestar certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

CCEC: Valorar, identificar e utilizar manifestacións culturais propias de Galicia e outras culturas; Crear e reproducir obras propias con elementos artísticos e culturais

Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Seguindo a orde do 9 de xuño de 2016 no artigo 2 a avaliación caracterízase por ser un proceso continuo e global. Por tanto, terase en conta os resultados obtidos na primeira avaliación, os obtidos na segunda, facendo especial fincapé na evolución do alumnado. Centrase tamén no esforzo, interese e participación das tarefas propostas para o terceiro trimestre (Nunca baixando a nota, sempre subindo se é o caso).</p> <p>Instrumentos: 3º Trimestre: Os instrumentos de avaliación son o papel activo do alumnado e a revisión de tarefas.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación obtérase do seguinte xeito: Alumnado do que se non ten seguimento: Mesmo nota que na segunda avaliación. Alumnado do que se ten seguimento: Partirase da nota da segunda avaliación e se o alumnado cumpre co marcado nos instrumentos de avaliación pode subirse a nota.</p>

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Na terceira avaliación as actividades son de repaso, reforzo, recuperación e ampliación, por iso semanalmente o alumnado ten acceso a actividades sobre esta materia.</p> <p>As actividades teñen o seguinte deseño: Lingua Estranxeira: Actividades de repaso do vocabulario e estruturas gramaticais aprendidas no primeiro e segundo trimestre. Non se ampliará novos conceptos, pero usaranse contos e cancións non vistos para reforzar os contidos dos. As actividades deseñas son primeiro de comprensión de textos orais (unir, escoller a imaxe correcta, numerar) seguidas de comprensión e produción de textos escritos (encher espazos, unir, verdadeiro ou falso).</p> <p>Lingua Castelá, Lingua Galega: Actividades de comprensión, de expresión escrita e ortografía aprendidas no primeiro e segundo trimestre. Sen ampliar materia, haberá conceptos informativos novos apoiados en textos de comprensión lectora.</p> <p>Matemáticas: Actividades de razoamento, resolución de problemas, cálculo, análise e reflexión dos resultados.</p> <p>Sociais: Actividades de comprensión e reflexión sobre a contorna e a saúde, reforzando o aprendido.</p>

	<p>Naturais: Actividades de lecturas e vídeos, comprensión, razoamento e realización de esquemas sobre o tema tratado.</p> <p>Valores: Actividades de razoamento, reflexión crítica sobre si mesmo e o sentido de compromiso cara aos outros.</p> <p>Relixión: Actividades de completar, colorear, encrucillados, cuestionarios, memorizar, sopa de letras, pasa palabras, formar frases, identificar personaxes....</p> <p>Educación Física: Actividades motrices e de reflexión.</p> <p>Educación Plástica: actividades que combinan diferentes técnicas de creación, xunto con actividades de busca de información sobre artistas/obras do contexto propio e alleo.</p> <p>Educación musical:: actividades de interpretación (vocais, instrumentais ou corporais), actividades de creativas ou de investigación, audicións e fichas de contido traballado en clase ou de ampliación (claves, instrumentos, figuras, compositores, etc.).</p>
<p>Metodoloxía</p>	<p>Lingua Estranxeira:</p> <ul style="list-style-type: none"> - vídeos de vocabulario e contos e cancións. -cancións de vocabulario e explicacións gramaticais. Actividades das diferentes destrezas deseñadas pola mestra de inglés subidas ao portal de LiveWorksheets. As actividades de produción oral enviaranse por correo electrónico polas familias. <p>Lingua Castelá, Lingua Galega, Sociais, Naturais, Matemáticas e Valores:</p> <p>Actividades sobre o repaso, explicacións, textos e lecturas informativas, vídeos educativos.</p> <p>Educación Física:</p> <p>Actividades motrices e de reflexión.</p> <p>Educación Plástica: produción de obras artísticas propoñendo diversas técnicas (debuxo, escultura, manualidades...) partindo da busca de información ou de proporcionar imaxes/conceptos/ideas para as novas creacións.</p> <p>Educación Musical: utilizaremos fundamentalmente actividades prácticas (lúdicas e participativas para compartir en familia) con video-tutoriais explicativos. Nos cursos superiores damos dúas opcións: con instrumento (fruta ou calquera outro dispoñible) ou sen instrumento. Trátase de equilibrar as situacións familiares tan diversas que estamos a vivir. O obxectivo final principal é a produción de obras artísticas, ou repaso de conceptos básicos.</p>
<p>Materiais e Recursos</p>	<p>Lingua Estranxeira:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Materiais curriculares de elaboración propia. • Materiais curriculares de editoriais • Elaboración de materias con Live Worksheets.

	<ul style="list-style-type: none"> • Vídeos explicativos e cancións de Youtube. • Plataforma da editorial (Class Book online) <p>Lingua Castelá, Lingua Galega, Sociais, Naturais, Matemáticas e Valores:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Materias curriculares de elaboración propia. • Materiais curriculares de editoriais • Vídeos educativos explicativos. <p>Relixión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Materiais curriculares de elaboración propia - Materiais curriculares de editoriais. - Vídeos de youtube. - Actividades online. <p>Educación Física:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Elaboración de materiais con Google forms e outras aplicacións. • Vídeos explicativos de Youtube, Vimeo... • Vídeos de elaboración propia. • Materiais curriculares de elaboración propia. <p>Educación Plástica: recursos do contexto propio e cercano, combinado principalmente con imaxes/conceptos/ideas de fontes diversas, tanto dixitais como sobre papel.</p> <p>Educación Musical: partituras, vídeos e audicións de elaboración propia (utilizando MuseScore, Youtube e Soundcloud) xunto con outros enlaces a fontes dixitais de interese.</p> <p>Organizativos: A organización basease nun repaso exhaustivo de todo o traballado, coa finalidade de asentarmos ben as bases, baixo das directrices da CCP.</p> <p>Persoais: Coordinación do equipo. Así como, recursos externos como é o asesoramento do CFR.</p>
--	--

Información e publicidade		
Información	ao	O alumnado está informado a través das seguintes canles: - Páxina web do centro e nela aula virtual de descarga. - Correo electrónico do mestre/a. - Abalar- Mensaxeira e informacións. - Titoras comunícanse coas familias por teléfono, para información e titorías. - Educación Musical: puntualmente por Whatsapp (con familias que o necesitan para o envío de arquivos moi pesados por dificultades de dominio tecnolóxico).
alumnado e familias	ás	
Publicidade		Publicación na páxina web do colexio e información ás familias da súa publicación a través do e mail e do abalar móbil.